

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

12 – 13 de decembro do 2020

III DO TEMPO DO ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a fe en familia e na espera de Xesús que ven a nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Xa estamos no terceiro domingo do Advento. Antigamente este domingo chamábase “Gaudete”: o Domingo da alegría, e podía usarse outra cor distinta e cantos abondosos.

Vemos xa moi preto o feito que esperamos e Xoán Bautista nos di que Xesús xa está no medio de nós, por iso temos que estar alegres.

Pero non podemos quedarnos na alegría que representa a cercanía de Xesús. Temos a responsabilidade de **buscalo e confiar nel**. Sónanos?

Si, é o que di o noso calendario para esta semana. Deus sae ao noso encontro e quere que sexamos as súas testemuñas nestes momentos difíciles para todos.

Busquemos a Deus. Confiemos en Deus. E sexamos testemuñas vivindo con responsabilidade estes días de encontro e solidariedade.

ACENDIDO DA VELA DO ADVENTO

(Para esta parte da celebración imos necesitar catro velas (só dúas acendidas), como signo das catro semanas que dura o advento.

Celebrante: Pouco a pouco estamos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais. Imos avanzando no tempo destas catro semanas.

CANTO 🎵 Que **veña a luz** ...

Monitor/a

Na primeira semana do advento se nos dicía “**estade atentos**”, e acendíamos a luz porque ás veces na vida só nos deixamos ir, e as rutinas afogan o noso día a día.

A semana pasada era luz para “**poñernos en camiño**” porque ás veces na vida pódenos a comodidade. Pouco a pouco ímonos acomodando, e necesitamos erguernos e poñernos en camiño.

Hoxe “**buscamos e confiamos**” no encontro co Neno Deus. Necesítamolo porque moitas veces a nosa vida rodéase de pesimismo.

Queremos luz para poñermos un sorriso grande á vida porque hai moitas situacións que necesitamos que melloren.

Queremos **BUSCAS E CONFIAR** é a vela que agora acendemos

E acéndese unha das catro velas, mentres se canta

CANTO 🎵 Que **medre a luz** ...

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante Rematamos coa oración na que expresamos o noso buscar o encontro de Xesús e a nosa confianza en atopalo para que a nosa alegría poida transmitirse a todos

(silenzo)

Deus, noso Pai, xa ves como a túa familia espera con fe o nacemento do teu Fillo. Encamiña o noso corazón cara á ledicia de tan grande misterio, para que así celebremos a nosa salvación cun espírito verdadeiramente novo. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a:

O profeta Isaías mostra o seu contento por anunciar a chegada do Salvador. Xoán Bautista dinos que xa está no medio de nós.

Buscar e Confiar é o que nos toca facer neste momento para poder acoller ao Neno Deus que quere compartir con nós a súa vida.

LECTURA DA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Espírito do Señor, Deus, está sobre min,
porque o Señor me unxiu.

Mándame anunciar a boa nova aos pobres,
curar os de corazón esgazado,
proclamarlles aos cativos a liberdade
e aos presos que abran os ollos,
para proclamar un ano de graza do Señor.

Exultarei ledicioso polo Señor,
e a miña alma brincará de xúbilo polo meu Deus,
xa que me fixo vestir roupas da salvación
e envolveume co manto da xustiza,
coma o noivo que veste solemnemente o turbante,
e coma a noiva que se adorna coas súas xoias.

Pois, como a terra fai saír os seus gromos,
e como un horto fai brotar as súas sementeiras,
así o Señor Iavé fará brotar a xustiza,
e a louvanza ante todos os pobos.

Palabra do Señor

♪ *Andarei na presenza do Señor*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Houbo un home mandado por Deus: o seu nome era Xoán. Este veu de testemuña para dar testemuño da luz, para que todos cresen por el.

Non era el a luz, senón que veu para dar testemuño da luz. E este é o testemuño de Xoán cando os xudeus lle mandaron de Xerusalén sacerdotes e levitas onda el, para lle preguntar:

- Ti quen es?

El declarou e non negou. Declarou:

- Eu non son o Cristo.

Preguntáronlle:

- Entón ¿quen es ti? ¿Es Elías?

Contestou:

- Non son.

- ¿E-lo profeta?

Respondeu:

- Non.

Daquela dixéronlle:

- ¿E, logo, quen es? Para que lles poidamos dar unha resposta aos que nos mandaron. ¿Que dis de ti mesmo?.

El dicía:

- Eu son a voz do que clama no deserto, "enderezade o camiño do Señor" (como escribira o profeta Isaías).

Algúns dos mandados eran fariseos e preguntáronlle:

- Entón ¿por que bautizas, se non es ti o Cristo nin Elías nin o profeta?

Xoán respondeulles:

- Eu bautizo con auga; mais entre vós está quen vós non coñecedes; o que vén detrás miña e eu non son merecente de lle desatar o amalló da sandalia.

Todo isto pasou en Betania, pola outra banda do Xordán, onde estaba Xoán bautizando.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Queremos buscar e confiar na túa Palavra, Señor, e prepararnos como familia para acoller a Xesús que xa chega e quere compartir a nosa vida, e por iso dicimos:*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai e Nai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que se achega a todos nós, que nos convida a estar alegres pola súa boa nova, e que nos alenta a rachar con todos os pesimismos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir cos de corazón esgazado e a loitar pola liberdade e a fraternidade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade que necesita de nós para, ao xeito de Xoán Bautista, ser voz de esperanza e acollida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus, a quen buscamos e en quen confiamos. Dicimos:*

Visita ao teu pobo, Señor

Monitor/a

✓ Rezamos coas persoas que traballan para que haxa máis pan, máis paz e máis xustiza, e agradecemos o seu testemuño. Oremos

✓ Rezamos recordando as persoas que para nós teñen sido un apoio grande na vida, e agradecemoslle que non cansen de facer o ben. Oremos

✓ Rezamos pola nosa familia e polos nosos veciños, pois con todos queremos seguir facendo irmandade cristiá nas cousas da vida de cada día, e agradecemos que sigan dando unha man. Oremos

✓ Rezamos polas persoas que por unhas ou outras razóns non van ter un bo Nadal. Oremos

✓ Polos enfermos, e os que están a sufrir as consecuencias económicas da pandemia, para que teñan o noso apoio e axuda responsable. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Señor, a túa misericordia e dános a túa salvación. Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Deus camiña cerca. Cerca de quen busca, de quen confía, de quen é capaz de amosar un sorriso a pesares das dificultades da vida. Cerca de quen é capaz de loitar con valentía por defender os dereitos de quen son tratados inxustamente, cerca de quen camiña na procura dunha Boa Nova que se fai realidade. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús no Nadal trae a paz. El é o Deus da Paz. Que El nos alente a transmitir esa paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

NON COMULGAMOS

PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: *Rezar hoxe é compartir todo o que Deus nos agasalla, é buscar e confiar no Neno que nos nace no Nadal.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles. Somos familia que busca e confía na espera do NADAL.

 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos.

Fai que o noso compartir de cada día, lonxe dos pesimismos, nos achegue a celebrar dignamente e con alegría as vindeiras festas do Nadal.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén


Vivir NADAL é saber que Deus confía en nós e quere poñerse nas nosas mans. Busquémolos.

Vivir NADAL é rezar hoxe con palabras que nos sigan dando azos para esperar na tolerancia e no respecto con quen pensa, vive e cree diferente. Confiemos no bo facer de cada quen.

Vivir NADAL é non virar as costas ás persoas pesimistas e cansas. É transmitir a alegría que nos trae o Neno Deus. Busquemos esa alegría e confiemos nela para levarlla a todos neste tempo.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

NÓS CONTAMOS CON DEUS



E DEUS CONTA CON NÓS



**“Buscar e confiar” é o que fai Xoán Bautista.
Palabras do evanxeo de hoxe.**